



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tífono: 881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.gal

PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

CPI ATIOS VALDOVIÑO

2021-22



ÍNDICE:

1.- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

2.- OBXECTIVOS

A. A LONGO PRAZO

B. A CURTO PRAZO

3.- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

A. METODOLOXÍA

B. CONTIDOS

C. ACTIVIDADES

4.- O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

A. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

B. UTILIZACIÓN DAS TICS EN IGUALDADE DE CONDICIÓNS PARA AMBOS SEXOS

C. AS TIC E O FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS E A CONVIVENCIA

D. AS TIC NA POTENCIACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

5.- A UTILIZACIÓN DOS RECURSOS TIC EXISTENTES NO CENTRO

6.- A ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO

7.- PREVISIÓN DAS MODIFICACIÓNS NO PLAN ANUAL

8.- PLAN DE AVALIACIÓN

9.- PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO PARA A ÓPTIMA EXECUCIÓN DO PROXECTO

1.- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Tendo en conta que as novas tecnoloxías da información e da comunicación son unha realidade na sociedade actual, é importante e decisivo que o sistema escolar non quede alleo ao que acontece cos novos medios.

O modo en que funcionan e para que son utilizadas as novas tecnoloxías na aula aportan valiosas innovacións en canto á forma de representar, expresar, coñecer, cuestionar...o coñecemento e as formas de aprendizaxes de profesores e alumnos.

O que debemos ter presente é que o tratamento que se lle dará aos novos medios implicará unha mellora en todas as materias sexa un nivel educativo o outro, respecto ao noso Centro, infantil, primaria ou secundaria, isto é, de modo globalizado.

As novas tecnoloxías aportarán beneficios facilitando o traballo cooperativo, a motivación do noso alumnado, unha fonte de adquisición de información... e polo tanto requiren a preparación do profesorado, de aí a importancia de formación neste ámbito.

Con todo isto as TIC pasan a ser un instrumento indispensable nos Centros Educativos, todo un mundo se abre ante nós grazas a Internet, podemos acceder a enciclopedias, foros, webs, blogs... recibimos información, pero tamén é importante ensinar aos rapaces e rapazas, os posibles problemas da Rede, deste modo, debemos preparalos para un uso seguro e eficaz de Internet.

O noso centro está dentro da rede de centros Edixgal polo que consideramos esencial este plan para o seu optimo desenvolvemento.

2.- OBXECTIVOS

A) A CURTO PRAZO

- Mellorar ou modificar a web do centro e fomentar o seu uso pola comunidade educativa.
- Traballar os contidos e actividades na aula virtual do Cpi Atios
- Aproveitar e maximizar o uso dos equipos Edixgal
- Reutilizar e reciclar equipos anticuados e darlles uso.
- Facilitar o acceso ás TIC a tódolos alumnos/as.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías como ferramenta docente.
- Apoiar e formar ao profesorado no uso das TIC.
- Aprender o manexo básico dos sistemas operativos e dos programas educativos de software libre que se van utilizar.
- Valorar as posibilidades que ofrecen as TIC para o labor docente: uso de novos recursos didácticos máis atractivos, intercambiando experiencias e innovación na práctica educativa cotiá.
- Realizar experiencias concretas para o uso das TIC nas áreas e niveis correspondentes.
- Potenciar o uso da páxina web do centro
- Facilitar a utilización das TIC na atención a alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo.
- Utilizar as posibilidades do ordenador como ferramenta e medio para reforzar ou adquirir coñecementos ou habilidades.
- Desenvolver estratexias para a búsqueda, selección e organización de contidos.
- Coidar e facer uso correcto do material.
- Aprender o manexo básico de distintos sistemas operativos, adaptando ás idades do alumnado.



- Introducirse no manexo do OpenOffice-Libreoffice.
- Crear unha actitude de interese e autoaprendizaxe no profesorado.
- Elaborar materiais para a páxina web do centro.
- Xestión da biblioteca escolar co programa MEIGA.
- Crear estratexias de inventariado e levar a cabo o inventario dos recursos materiais de que dispón o centro.
- Instalar un servidor de centro para compartición de carpetas e documentos entre todo o persoal docente.

B) A LONGO PRAZO

- Integrar efectivamente as TIC no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Facilitar o acceso a toda a comunidade educativa á información, recursos e servizos que se implanten.
- Propiciar a renovación metodolóxica e a innovación educativa co programa Edixgal
- Rachar cos efectos da chamada brecha dixital tanto no profesorado coma no alumnado procurando un nivel óptimo de alfabetización tecnolóxica.
- Promover experiencias multidisciplinares e o intercambio de coñecemento dentro e fóra do noso centro.
- Favorecer o uso máis educativo destes medios para os alumnos/as.
- Espertar o interese por aprender nos alumnos/as ao apoiarse nun soporte dixital.
- Descubrir e reforzar as aprendizaxes de aula mediante estes medios.
- Fomentar o traballo cooperativo entre os alumnos/as.
- Deseñar programas de apoio a alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
- Mellorar o traballo tutorial e de docencia, sobre todo na produción de materiais didácticos.
- Estimular a creación de materiais curriculares multimedia con ferramentas de autor.

3.- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

A) METODOLOXÍA

O obxectivo do Sistema Educativo é promover a adquisición de diversas capacidades por parte do alumnado, tendo en conta as súas propias peculiaridades. Nós consideramos que as novas tecnoloxías son unha ferramenta indispensable para acadar estes obxectivos, xa que empregadas como metodoloxía de traballo por parte do profesor, permiten expoñer contidos de maneira interactiva e realizar actividades con diverso grao de dificultade, empregando software específico ou incluso elaborado polo propio docente.

B) CONTIDOS

Educación Infantil e Primaria

Conceptos:

- Coñece diferentes películas nas que se traballen valores.
- Coñece o funcionamento de Edixgal
- Utiliza a páxina web y a aula virtual do centro
- Recoñece as distintas partes da pizarra dixital.
- Identifica o nome de diferentes xogos ou programas para traballar capacidades.
- Recoñece distintos tipos de actividades no clic.



- Identifica recursos en inglés.
- Coñece distintos tipos de procesadores de texto.
- Recoñece distintos tipos de recursos en Internet: flash, Windows media...

Procedementos:

- Realiza actividades en procesadores de texto correctamente.
- Emprega a páxina web e a aula virtual do colexio
- Usa a pizarra dixital de maneira adecuada nas distintas actividades.
- Emprega os distintos xogos ou programas educativos.
- Realizar diferentes actividades en programas como clic, Google Earth...
- Emprega distintos recursos como flash, visual body...
- Presenta traballos en formato dixital empregando distintos recursos.

Actitudes:

- Participación de maneira activa nas distintas actividades.
- Respeto polos compañeiros e compañeiras.
- Valoración polos programas de software libre.
- Valora os distintos recursos empregados nas sesións.
- Respeto polo mestre e polos materiais empregados na aula.
- Interese polas distintas tarefas ou explicacións.

Educación Secundaria

Conceptos:

- A Internet.
- Usos e aplicacións de Internet.
- Coñece o funcionamento de Edixgal
- Utiliza a páxina web y a aula virtual do centro
- Busca de información na rede mediante un motor de busca concreto.
- O software libre, Linux,. Vantaxas do seu uso. Manexo dun programa gratuíto de presentacións.
- Busca de programas de simulación na rede mediante un motor de busca concreto.
- Emprego de diversos programas de simulación, dependendo da área ou materia: programas de simulación de circuitos eléctricos, sobre o funcionamento de centrais de produción de electricidade, etc

Procedementos:

- Realización de buscas sinxelas a partires de diversas instrucións dadas polo profesor, seleccionando información e clasificándoa dacordo a certas pautas de valoración dos contidos.
- Realización de exercicios de lectura detallada e análise da información obtida.
- Exposición de contidos ante a clase empregando un programa sinxelo.
- Realización de buscas complexas de información a partires de diversas instrucións dadas polo profesor, seleccionando contidos para poder resposta-las cuestións realizadas na presentación da actividade.
- Exposición de contidos antes a clase empregando un programa sinxelo.
- Realización de exercicios de simulación, predecindo os posibles resultados a partires dos coñecementos teóricos adquiridos.



Actitudes:

- Colaboración entre distintos membros, no caso de traballo por parellas ou en pequenos grupos.
- Mantemento dunha actitude correcta e respecto polas opinións alleas.
- Valoración crítica das aplicacións actuais da Internet.
- Respecto polo material e medios da aula de informática.
- Valoración da importancia da realización de simulacións no ámbito industrial e tecnolóxico como medio de corrixir erros durante un proceso de fabricación.

C) ACTIVIDADES

Algunhas das actividades tipo que se poden realizar en Educación Infantil son:

- Proxección de películas ou vídeos creados.
- Uso do PowerPoint para iniciar os proxectos.
- Emprego da pizarra dixital para traballar a lateralidade cos rapaces.
- Uso da pizarra para proxectar películas.)
- Uso dos ordenadores para traballar con programas educativos ou xogos virtuais que estimulen as súas capacidades.
- Uso de ferramentas dixitais adaptadas a infantil.
- Uso de recursos en Inglés

Estas actividades pódense realizar en Educación Primaria:

- Empregar xogos ou programas virtuais para potenciar as capacidades dos nenos/as nos primeiros ciclos.
- Deseñar actividades para o Programas de ferramentas dixitais ou programas similares e realizalas nas diferentes áreas.
- Empregar a pizarra dixital para traballar actividades creadas no Programas de ferramentas dixitais.
- Usar procesadores de texto para traballar vocabulario e redacción nas diferentes linguas.
- Utilizar programas como o Visual Body ou o Google Earth para traballar contidos como o Corpo humano ou o relevo en áreas como Coñecemento do Medio ou Educación Física.
- Uso da pizarra para proxectar documentais ou vídeos didácticos nas diferentes áreas.
- Emprego da páxina web del centro para publicacións, avisos, traballos...
- Uso da aula virtual para desenvolver proxectos educativos novedosos
- Iniciación dos alumnos/as no uso de programas como Power Point, Word... para que lles axuden na súa realización de traballos empreñando os ordenadores.
- Uso dos ordenadores para buscar información en Internet, cómo buscar, cómo usar recursos de la red...
- Iniciación dos alumnos/as ás webquest ou miniquets.

Na Educación Secundaria o uso das TIC varía dependendo da materia en cuestión. Non obstante, as seguintes son actividades comúns a moitas delas e que se poden desenvolver na aula sen dificultade:

- Busca de información na rede, de modo xeral, empregando un motor de busca específico, como primeiro paso de adquisición de coñecemento.
- Solución a un problema plantexado polo profesor, procurando datos na rede. É o caso de WebQuest ou MiniQuest, actividades globais nas que se pretende a adquisición dunha determinada serie de contidos por parte do alumno/a, dándolle unhas pautas a seguir.



- Realización de traballos de síntese de maneira individual ou grupal, como modo de posta en práctica dos coñecementos adquiridos, procesadores de textos, follas de cálculo, programas de presentación, etc.
- Realización de actividades de lectura/ explicación de contidos. Na web están disponibles moitos recursos bibliográficos en formato dixital, mesmo unidades didácticas referentes a cada área de coñecemento. Algunhas delas poden servir como variación da metodoloxía do profesor, convertindo unha sesión de exposición de contidos de tipo conceptual en algo máis dinámico e visual.
- Realización de actividades de simulación. En moitos casos, realizar proxectos ou actividades prácticas é moi custoso, tanto en medios materiais como en tempo. As novas tecnoloxías facilitannos este proceso con programas interactivos que simulan o funcionamento de determinados sistemas e que pretenden o mesmo obxectivo no noso alumnado que as actividades prácticas. Pódense atopar simuladores interesantes no campo da electricidade, dos mecanismos, da robótica, etc.

4.- O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

A) ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

As novas tecnoloxías poden proporcionar múltiples beneficios a todo o alumnado no seu proceso de ensino aprendizaxe, pero o emprego das TICs resulta especialmente interesante no tratamento da diversidade e na atención do alumnado con necesidades específicas. As necesidades dos alumnos do noso centro son moi diversas, sendo as máis frecuentes os problemas de aprendizaxe e os trastornos de lectura e escritura. Pero tamén contamos no centro con alumnos que presentan necesidades educativas específicas: Motoras , Sensoriais ,Atraso mental, Déficit de atención

Consideramos que na atención a todos estes alumnos sería moi interesante o emprego das TICs, xa que:

- Permite un tratamento máis personalizado ao alumno no ritmo das actividades.
- Mellora a súa atención.
- Abre novas posibilidades tanto persoais como laborais para solventar na medida do posible as dificultades ou limitacións dos alumnos con NEAE.
- Incrementa a motivación.
- Facilita o acceso á información.
- Mellora a calidade da resposta educativa.
- Aumenta a calidade de vida dos alumnos con NEAE.
- Aumenta a autoestima.

Por todo isto, trataremos de ir incrementando o emprego das TICs na atención educativa que ofrecemos a estes alumnos.

Obxectivos:

- Facer unha relación de material educativo informático e multimedia interesante para traballar cos alumnos con NEAE.
- Incrementar a dotación de software educativo das aulas de Pedagogía Terapéutica.
- Ofrecer aos alumnos un maior número de experiencias empregando as TICs.

Actividades:

Preténdese, neste caso, ir incrementando o uso de diversas ferramentas informáticas, tanto na aula ordinaria coma na aula de Pedagogía Terapéutica.

No caso de alumnos con dificultades de audición:

Búsqueda de imaxes, vídeos e presentacións en internet, emprego de galerías fotográficas,... que favorezan o emprego da ruta visual para a aprendizaxe.

Alumnado con atraso mental:

Este tipo de alumnado pode presentar características moi diversas e diferentes, pero en liñas xerais utilízase software sinxelo e de claro manexo e resposta, priorizando a adquisición de habilidades e destrezas básicas e funcionais.

A presentación e realización de actividades terá que ter un carácter repetitivo con estes alumnos e requirirá dunha atención titorial constante, que guíe e reforce as súas aprendizaxes.

Alumnado con fracaso escolar:

É moi importante recuperar a motivación destes alumnos e a interese pola actividade escolar, por iso as TICs xogan un papel moi importante nestes casos.

Utilízase software atractivo, sinxelo e adaptado ás condicións e necesidades dos alumnos en cada momento, para que produza os efectos desexados: aumento da motivación na aprendizaxe, adquisición de coñecementos e aumento da autoestima.

B) UTILIZACIÓN DAS TICS EN IGUALDADE DE CONDICIÓNS PARA AMBOS SEXOS

Na escola teremos en conta este aspecto referente á igualdade de condicións en canto ao emprego dos novos medios.

Tanto no acceso a Internet, como no referente aos recursos que se utilicen terase presente que tanto as rapazas como os rapaces teñan as mesmas ocasións de uso, sen discriminacións e polo tanto en igualdade de condicións.

Será importante polo tanto ter presente este aspecto na busca de recursos na rede.

C) AS TIC E O FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS E A CONVIVENCIA

A finalidade do actual Sistema Educativo é que os alumnos vaian adquirindo de modo gradual unha serie de competencias relacionadas, por unha banda, con diversos contidos curriculares, pero tamén por outra con diversas actitudes e procedementos.

Ao igual que ocorre co fomento da convivencia entre os membros da comunidade educativa e a igualdade de xénero entre os dous sexos, as novas tecnoloxías poden ser concebidas como medio de fomento de valores democráticos.

Mediante actividades interactivas que poden ser realizadas mesmo dentro de cada área ou materia, como temas transversais, podemos promover no noso alumnado a idea de igualdade entre as persoas, así como a toma de decisións en equipo coa finalidade de acadar un obxectivo ou resolver un problema.



D) AS TIC NA POTENCIACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A biblioteca pode ser considerada como un dos piares en canto nos referimos a busca e intercambio de información.

A integración dos medios informáticos cos antigos soportes de información facilitan e dinamizan o uso da biblioteca por parte da comunidade educativa. O sistema de préstamo de recursos bibliográficos vese axilizado polo uso dun ordenador de xestión, que simplifica o proceso.

A crecente demanda por parte de alumnos e profesores do uso da biblioteca está tendo como consecuencia o plantexamento de introducción dun equipo informático na mesma, que facilite o seu uso por parte do alumnado, especialmente en determinadas épocas do ano, nas que se atopa conxestionada.

5.- A UTILIZACIÓN DOS RECURSOS TIC EXISTENTES NO CENTRO

Na actualidade, o CPI Atios conta cos seguintes recursos informáticos, repartidos nas instalacións do centro do xeito que se indica a continuación.

Aula de informática

23 ordenadores de sobremesa, aos que ten acceso todo o alumnado do centro, sempre acompañado dun/ha profesor/a.

1 ordenador de sobremesa, para o profesorado.

1 canón

1 pantalla de proxección

Aula de plástica

1 ordenador de sobremesa para o profesorado

1 canón

Aula de tecnoloxía

1 monitor ordenador Dell

1 cpu sobremesa marca Dell

1 teclado ordenador Logitech

1 makey makey 1

1 robot lego mindstorms ev3

2 ordenadores portátiles biblioteca

3 ordenador portátil hp 250gb i3/8gb

5 rato logitech 1000dpi

5 sensores ph/turbidez/temperatura/mod wif

6 robots lego wedo 2.0 bluetooth 6

2 ordenador portátil hp

2 ratos logitech 2



Aula de música

- 1 ordenador de sobremesa para o profesorado
- 1 canón
- 1 minicadena
- 1 cadea musical
- 1 reproductor DVD
- 1 pantalla de proxección

Biblioteca

- 1 ordenador de sobremesa, ao que ten acceso a persoa encargada da biblioteca e os/as seus/súas colaboradores/as.
- 3 Portátiles para os alumnos
- 1 impresora
- 1 reproductor de vídeo
- 1 reproductor DVD

Despacho do director

- 1 ordenador de sobremesa
- 1 impresora

Despacho da xefatura de estudos

- 2 ordenador portátil

Secretaría

- 1 ordenador portátil
- 1 impresora
- 1 camara dixital

Administración.

- 2 ordenadores de sobremesa
- 1 fotocopiadora

Conserxería

- 1 ordenador de sobremesa, para a conserxería e o profesorado.
- 1 fotocopiadora

Sala do profesorado

- 2 portátiles para o profesorado.
- 1 portátil
- 1 canón

Laboratorio

- 1 ordenador portátil
- 1 pantalla de proxección
- 1 canón



Aula de pedagogía terapéutica de primaria

- 1 ordenador portátil
- 1 impresora
- 1 televisión

Aula de pedagogía terapéutica de secundaria

- 2 ordenadores de sobremesa
- 1 impresora
- 1 televisión

Aula de audición e linguaxe

- 1 impresora
- 1 ordenador de sobremesa

Departamento de orientación

- 1 ordenador de sobremesa
- 1 impresora

Comedor

- 1 canón
- 1 pantalla de proxección
- 1 altofalante

Aulas de 4º, 5º e 6º de infantil

- 1 ordenador de sobremesa en cada unha das cinco aulas de Infantil.
- 1 pizarra dixital
- 1 canón
- 4 equipos en rede na aula de informática de infantil

Aulas de 1º, 2º, 3º, e 4º de primaria

- 1 ordenador de sobremesa ou portátil en cada unha das dúas aulas de Primaria.
- 1 canón
- 1 pantalla ou pizarra dixital

Aulas de 5º e 6º ciclo de primaria

Dotadas con equipamento Edixgal

Aulas de 1º e 2º da ESO

Dotadas con equipamento Edixgal

Aulas de 3º e 4º da ESO

Dotadas con equipamento Edixgal

O Centro planificará a utilización destes medios respectando o horario dalgún destes espazos (Informática, Música , Biblioteca, E. Plástica, Salón de Usos Múltiples), establecendo quendas ou horarios de uso para o máximo aproveitamento dos recursos nas actividades relacionados coas Tics.



6.- A ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO

A organización de recursos informáticos do Centro xirará arredor das dúas aulas de informática: a aula secundaria e a aula de infantil asignaranse sesións por curso, según necesidades, e as sesións restantes asignaranse según petición previa, por orde de inscrición, e sempre por semanas (nunca por semanas anticipadas para que todos teñan as mesmas posibilidades).

En canto á configuración de recursos móbiles, existen.- crear una pequena infraestrutura de equipos portátiles configurados para traballar en internet e intranet, como terminais lixeiras e como recurso audiovisual. O uso destes equipos estará organizado por quendas ou por peticións de uso.

Verase así mesmo a posibilidade de recuperación de antigos equipos para:

. Creación de puntos de acceso fixos. Reciclaremos e reutilizaremos recursos informáticos anticuados como terminais lixeiras a situar nos lugares que se considere oportuno dando prioridade de acceso a toda a comunidade educativa e á atención á diversidade: por exemplo na Biblioteca Escolar.

7.- PREVISIÓN DAS MODIFICACIÓNS NO PLAN ANUAL

O Plan Anual contemplará o uso das TIC no Centro de forma globalizada, tendo en conta a igualdade de oportunidades para toda a comunidade educativa.

Debemos entender os novos medios como medios, ferramentas que nos permitirán dar un claro e moderno soporte ao noso traballo diario de aula cos nosos alumnos e alumnas.

Temos que ter en conta que aparecerán reflexadas unha metodoloxía innovadora e o tratamento da transversalidade. Tamén se deixarán establecidos os principios de atención á diversidade do alumnado existente no Centro, a igualdade entre ambos sexos e a aparición de valores democráticos a través das TIC.

No plan anual quedarán reflexadas as medidas que se terán en conta respecto aos espazos, recursos materiais e horarios, incluíndo a integración das TIC nos distintos niveis educativos e nas programacións dos diferentes departamentos.

8.- PLAN DE FORMACIÓN DO PROFESORADO PARA A ÓPTIMA EXECUCIÓN DO PROXECTO

Ao principio do curso 2021/22 ponse en marcha o Plan de Formación Permanente en Centros dentro do cal levanse a cabo diferentes cursos, seminarios e grupos de traballo co fin de optimizar os recursos Tics do centro.

Segundo os resultados das enquisas, o profesorado mostra manexar con soltura os medios audiovisuais máis comúns.

Dentro das actividades demandadas para recibir esta formación destacan a aprendizaxe do uso da pizarra electrónica, do uso de aparellos audiovisuais e programas de presentación, internet, fotografía dixital e ferramentas ofimáticas.

Ademais existe un grupo de profesores e profesoras que compoñen o grupo de dinamización Tics co obxectivo de potenciar este proxecto. E son os seguintes:

Andrés Díaz	Iván Hinojo	Patricia Regueiro
Alejandro Cadarso.	María Hermida	Alicia Vázquez
Santiago Cadarso	Reyes Montero	Cristina Soto
Daniel Díaz	Rosa Pazos	

9.- PLAN DE AVALIACIÓN

Debe atender aos aspectos relacionados co alumnado, aos relativos ao profesorado e o funcionamento xeral do centro, así como a implicación das familias.

Tamén se analiza o nivel de competencia no uso de equipos e programas, e se detectan as necesidades formativas por parte do profesorado.

Ao longo do desenvolvemento do proxecto haberá unha avaliación formativa, dentro do plan de formación medio de reunións periódicas dos profesores e profesoras implicados cara á valoración do progreso do mesmo e a introdución de posibles modificacións. Nestas reunións é importante o intercambio de experiencias entre o profesorado cara a utilización das novas tecnoloxías cunha metodoloxía axeitada. Veremos as dificultades que xurdan, os avances, e trataremos de analizar as diferentes producións e traballos elaborados.

Na fin do curso farase unha avaliación final, que abranguerá tanto o profesorado como o proceso de traballo e desenvolvemento das actividades, e máis os grupos que interveñan nelas.

Os produtos finais elaborados durante o proxecto e que se recollerán na páxina web do centro servirán tamén como un elemento de avaliación do mesmo.

Valdoviño a 13 de outubro de 2021

O coordinador do plan

Vto e prace
O director
Sinatura dixital

Asdo: Andrés Díaz Prieto